

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 04.04.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.06 h do 04.04.2019, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 02.08.2018 e do 31.10.2018

TO

Quedan aprobadas as actas ao non haber ningunha obxección, incorporando a seguinte corrección a indicación do Sr. Trigo Rey:

- Na acta do 02.08.2018, na páxina 13 onde di: "Pérez Ponce", debe dicir: "Pérez Porto".

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 216/2019 ao 321/2019

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do BNG sobre risco de desaparición da Confraría de Barallobre

Consta no expediente a Moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o risco de desaparición da Confraría de Barallobre, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 27.03.2019 por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal Socialista) e 2 abstencións do grupo municipal do PP, e que os grupos por unanimidade deciden subscribir como moción conxunta:

"Moción dos grupos municipais do Concello de Fene sobre risco de desaparición da Confraría de Barallobre

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Fene veu apoiando historicamente o sector do marisqueo colaborando coa Confraría de Barallobre. O marisqueo foi de sempre un sustento económico de moitas persoas, maioritariamente mulleres, que ao longo dos anos foi mellorando en medios e na distribución. Hai só 20 anos que a ría de Ferrol era a mais productiva de toda Galiza. Serviu en grande medida para amortiguar o impacto

do dismantelamento do naval e daba sustento a centos de familias. Desde entón a cousa mudou radicalmente. Hoxe os recursos marisqueiros están en mínimos, apenas hai cada día mais de 20 embarcacións no mar, e o marisqueo a pé pasa por mínimos.

Neste contexto a Confraría de Barallobre, ante a imposibilidade de pagar aos seus empregados, viuse na obriga de despedir a 5 dos 7 que ten, a saber, os dous vixiantes, unha auxiliar administrativa, a encargada da limpeza da depuradora e o biólogo, e aínda así non ten asegurada a súa supervivencia como entidade.

A pesar de ser a ría de Ferrol a de maior contaminación microbiolóxica de toda Galiza, foi a última (2017) en ter senllas EDAR (norte e sul), mais aínda hai zonas C (Caranza, A Malata, e agora tamén de novo a zona entre Montón e Astano). Desde o ano 2.008, en que comezan as restriccións á extracción marisqueira por zonas C, permanecen abertos ininterrumpidamente os bancos de libre marisqueo a flote (hoxe están totalmente esquilados, medida non admitida en ningún banco marisqueiro en Galiza. Para o banco das Pías ocorre o mesmo, apenas 2 meses de descanso ao ano, cando o normal son 6. O servizo de inspección pesqueira da Consellería do Mar ten asignado á ría de Ferrol unha soa persoa.

A combinación de destrución dos bancos marisqueiros por contaminación, mais a explotación irracional dos mesmos, permitindo uns plans de explotación que non son admitidos en ningún outro sitio de Galiza, e a inexistencia dun servizo de inspección pesqueira suficiente para o control dos recursos leva á situación actual.

A todo isto hai que sumar a situación particular da Confraría de Barallobre. Non é casual o show mediático do 20 de abril de 2016 (a Gardia Civil entra na Confraría e leva detidos a 3 traballadores e ao patrón) apertura de telexornais e portada de prensa. Ano e medio despois o proceso é pechado sen sequera chamar a declarar. Mais o obxectivo estaba conseguido. Criminalización dun sector, dunha confraría en concreto e de certas persoas concretas, e un grande prexuízo económico á Confraría. E coñecendo a situación na que está a Confraría, en decembro de 2018 comunican desde a Consellería que non se renova o proxecto polo cal se paga á asistencia técnica e vixiantes, a desculpa é unha multa, a realidade é a asfixia económica programada.

Pérdense postos de traballo, pérdese capacidade de control e planificación dos bancos marisqueiros, pérdese capacidade de loita contra o furtivismo e está en risco a supervivencia da segunda empresa mais grande de Fene con mais de 100 anos de historia e mais de 120 socios e socias.

O obxectivo da Consellería do Mar, tal como está recollido no proxecto de lei de acuicultura, parado pola presión do sector, é o da privatización da xestión dos recursos. Entregar os recursos marisqueiros a empresas privadas.

Polo exposto propomos ao Pleno a adoción dos seguintes acordos

- 1.- Instar á Consellería do mar da Xunta de Galiza a elaborar un Plan de rexeneración real en coordinación coas demais administracións estatais, autonómicas e locais e as Confrarías, para a ría de Ferrol que contemple medidas, prazos, obxectivos e recursos económicos para desenvolvelo no prazo mais breve posíbel.
- 2.- Reclamar á Xunta de Galiza un Plan ambiental que garanta a calidade das augas e os fondos mariños da ría.
- 3.- Instar á Consellería do mar a que dote á ría de Ferrol de persoal suficiente de inspección pesqueira, que xunto coas asistencias técnicas e vixilancias das tres Confrarías permita evitar a extracción e comercialización ilegal de marisco desta ría.
- 4.- Solicitar unha reunión da alcaldía e os portavoces municipais coa Conselleira do Mar para demandar unha solución á situación da Confraría de Barallobre, que garanta o seu futuro e viabilidade."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se trata dunha moción similar á presentada o luns pasado. A moción vai en consonancia cun estudo publicado a finais do ano pasado duns investigadores da Universidade de Vigo, de Santiago de

Compostela e a propia Xunta de Galicia no que se fala de diversos problemas sobre o marisqueo que sofren actualmente o marisco, da diminución das descargas e das vendas entre 2013 e 2015.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que tanto na Comisión como na Xunta de Voceiros entendeu que a moción a presentaría o BNG e a asumirían todos.

De seguido intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal Socialista que xa anunciou ao principio do punto que se trataría como moción conxunta.

Prosegue a súa intervención o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que pide desculpas polo malentendido e di que a moción trata dúas problemáticas, unha é a situación do sector marisqueiro, da súa explotación e da súa urxente necesidade de tomar medidas, cuestión xa falada outras veces. Outra cuestión é a organización das confrarías e da súa organización, algo que lle afecta a máis confrarías que á de Barallobre. A confraría é un órgano xestor que regula a explotación nun sector que dá traballo a centos de persoas tanto de Fene como doutros concellos da bisbarra. Coa actual redución da plantilla é imposible que a actual confraría poida cumprir coas súas funcións, polo que é imprescindible que para que este órgano siga actuando na regulación do sector, como nas tarefas de comercialización é imprescindible un compromiso e apoio da administración autonómica. Por todo isto o seu grupo apoiará esta moción.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo apoiará a moción.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

0-0
09C
051

Instar á Consellería do mar da Xunta de Galiza a elaborar un Plan de rexeneración real en coordinación coas demais administracións estatais, autonómicas e locais e as Confrarías, para a ría de Ferrol que contemple medidas, prazos, obxectivos e recursos económicos para desenvolve-lo no prazo mais breve posible.

2.- Reclamar á Xunta de Galiza un Plan ambiental que garanta a calidade das augas e os fondos mariños da ría.

3.- Instar á Consellería do mar a que dote á ría de Ferrol de persoal suficiente de inspección pesqueira, que xunto coas asistencias técnicas e vixilancias das tres Confrarías permita evitar a extracción e comercialización ilegal de marisco desta ría.

4.- Solicitar unha reunión da alcaldía e os portavoces municipais coa Conselleira do Mar para demandar unha solución á situación da Confraría de Barallobre, que garanta o seu futuro e viabilidade.

4. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre a convocatoria do Premio Periodístico "Alcalde Ramón José Souto González"

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista, que quedou introducida na orde do día logo de ser ratificada a súa inclusión por unanimidade:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CONVOCATORIA DO PREMIO PERIODÍSTICO “ALCALDE RAMÓN JOSÉ SOUTO GONZÁLEZ”

ANTECEDENTES

1.- Logo de ver, a resolución do pleno do Concello de Fene de data 4 de maio de 2017, en concreto o acordo 5º do punto 5 da orde do día: “5. O Concello de Fene creará o premio periodístico “Ramón

Souto González" destinado ó/a profesional dos medios que destaque cada ano na defensa das liberdades e a democracia".

O grupo Municipal Socialista do Concello de Fene, co obxecto de dar cumprimento ao acordo plenario 5º do punto 5 do Pleno Ordinario do Concello de Fene de data 4 de maio de 2017, propón ao pleno do Concello de Fene a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao goberno de Fene á convocatoria do Premio Periodístico "Alcalde Ramón José Souto González" durante o mes de abril de 2019.

2.- Propoñer ao goberno de Fene as bases que se relacionan para a convocatoria do devandito certame:

"I PREMIO ALCALDE RAMÓN JOSÉ SOUTO GONZÁLEZ

O CONCELLO DE FENE, COMO MOSTRA DO SEU COMPROMISO COA DEFENSA DAS LIBERDADES PERSOAIS E CO REPECTO AOS VALORES DA NOSA DEMOCRACIA ESTABLECE O PREMIO ALCALDE RAMÓN JOSÉ SOUTO GONZÁLEZ.

O premio homenaxea a Ramón José Souto González, quen foi asasinado en 1936 por ser alcalde do Concello de Fene.

Base 1ª O premio ten por obxecto premiar a un/unha personalidade do mundo da comunicación, do xornalismo, da cultura ou da universidade que destacase e se distingue pola defensa das liberdades, a democracia, os dereitos humanos, a tolerancia e a convivencia, nesta primeira edición, ata a data da publicación destas bases.

Base 2ª O premio consistirá nunha obra orixinal e exclusiva (pintura, escultura, etc.) dun artista galego, cun valor aproximado de 1.500,00 € e nunha distinción pública por parte do Concello de Fene que divulgará o premio e á persoa premiada.

Base 3ª O premio entregarase o día 16 de agosto do ano 2019, coincidindo coa conmemoración do fusilamento do Alcalde Ramón José Souto González.

Base 4ª Xurado: Os membros do xurado serán designados a título persoal e cando acepten expresamente a súa designación deberán exercer as súas funcións a título persoal.

O xurado será nomeado polo Alcalde de entre as propostas da/o Concelleira/o na que esté delegada a Concellería de Cultura e/ou calquera dos grupos políticos da corporación e terá a seguinte composición:

Presidente/a: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

1º Vogal: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

2º Vogal: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

3º Vogal: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

Actuará como Secretario/a do Xurado, con voz pero sen voto, un ou unha funcionaria do Concello de Fene nomeado/a polo Alcalde, a proposta da/o Concelleira/o en quen estén delegadas as competencias de Cultura. En caso de que se producira un empate nas votacións do xurado decidirá o voto de calidade da/o Presidenta/o do mesmo.

Base 5ª O Xurado valorará nas candidaturas propostas os seguintes aspectos:

1.- A traxectoria da personalidade en defensa das liberdades, a democracia, os dereitos humanos, a tolerancia e a convivencia, nesta primeira edición, ata a data da publicación destas bases.

2.- As publicación/s, traballos e actividades sobre á temática recollida na Base 1º.

3.- No seu caso, a calidade das publicación/s, traballos e actividades sobre á temática recollida na Base 1º.

4.- A relevancia social e difusión do medio de comunicación no que se recolleron as publicación, traballos e actividades sobre á temática recollida na Base 1º.

Base 6ª O Xurado reunirase durante dúas sesións no tempo e forma que determinen os mesmos membros do Xurado. Na primeira reunión constituirase formalmente o Xurado e cada un dos membros poderá propor un candidato. Na segunda reunión cada propoñente dunha candidatura defenderá a mesma diante do resto dos membros do Xurado e á finalización das respectivas defensas das candidaturas o Xurado emitirá o seu veredicto.

Base 7ª O veredicto do Xurado deberá de realizarse o día 13 de xuño de 2019, coincidindo co aniversario da elección como alcalde de Ramón Souto González, e a súa decisión serán inapelable.

Base 8ª O premio outorgarase á candidatura que obteña a maioría de votos dos membros do Xurado reunidos na segunda sesión. Os membros do Xurado deberán manter en segredo as súas deliberacións. O Premio será outorgado a unha soa candidatura, polo que en ningunha circunstancia poderá ser compartido por dúas ou máis candidaturas. No caso de ser declarado deserto, no poderá tampouco acumularse o premio nunha convocatoria posterior.

Base 9ª O acto formal da entrega do premio realizarase no acto de homenaxe ao Alcalde Ramón José Souto González, o 16 de agosto de 2019, no lugar e hora que determine o Concello de Fene para a celebración do devandito acto."

3.1 A raíz dos datos obtidos pola arquivreira municipal de Fene procedentes do rexistro da Pobra do Caramiñal, propoñemos ao Pleno do Concello de Fene:

3.1.- A corrección da denominación da "Praza do Alcalde Ramón Souto González" por "Praza do Alcalde Ramón José Souto González".

3.2.- Cambiar a placa existente na devandita praza por outra coa denominación correcta "Praza Alcalde José Souto González".

3.3.- Corrixir os seguintes datos da fotografía de Ramón José Souto González sita no Salón de Plenos do Concello de Fene:

3.2.1.- Nome: cambiar o nome actual polo correcto "*Ramón José Souto González*".

3.2.2.- Data de inicio do seu mandato: Cambiar a que consta actualmente (21 de xuño de 1936) pola correcta a raíz dos documentos obrantes no arquivo municipal do Concello de Fene "*13 de xuño de 1936*".

3.2.3.- Data de remate do seu mandato:

a) Entendendo que a legalidade vixente en 1936 emanaba unicamente do Goberno Republicano, e que non consta ningún acordo de revogación do nomeamento como Alcalde de Ramón José Souto González.

b) Entendendo que o nomeamento realizado polos golpistas, a principios do mes de agosto de 1936, non pode ter, nese momento, validez legal.

E tendo en conta que a data que consta actualmente como finalización do seu mandato, 18 de xullo de 1936, é a data do inicio do golpe de estado, proponse que conste como data de finalización do seu mandato o *16 de agosto de 1936*, a data do seu asasinato, pois até ese momento non houbo ningún acordo de ningún órgano lexítimo que revogara a súa condición de Alcalde de Fene."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a moción ten diversos apartados, un deles iniciou o traballo do seu grupo, logo de conversas con algún outro grupo político desta Corporación, co obxectivo de facer cumprir o acordo plenario do 04.05.2017 en canto a convocar o premio Ramón Souto González. Como consecuencia deste traballo para elaborar unha proposta das bases deste premio descubriron algún dato distinto, o primeiro que se constata é que o nome correcto de Ramón Souto González é Ramón José Souto González, segundo consta na súa acta de nacemento. Por iso propónselle ao Pleno que aprobe o cambio de denominación do nome da praza e que a partir de aí se fagan cambios tanto na placa da praza como no cadro que hai no Salón de Plenos ou na papelería do Concello. Como consecuencia da busca de datas para a realización do premio atopáronse con discrepancias entre as datas que figuran nos cadros do Pleno e as datas oficiais de nomeamentos, concretamente a data do nomeamento do alcalde Ramón Souto aquí consta o 21 de xuño e no rexistro municipal hai unha comunicación oficial con data 15 de xuño de 1936. Por tanto, esta data tamén debíase corrixir. En canto a data do cese do alcalde constaba o 18 de xuño, data que coincide co alzamento nacional que provocou o golpe de estado, pero entenderon que no país a legalidade vixente non é de quen fai un golpe de estado senón da autoridade que había no seu momento, que era a republicana, polo que é imposible que Ramón Souto cesara o día 18 de xullo. Tamén consta no arquivo un nomeamento de principios de agosto por parte da autoridade militar dun alcalde para Fene, do cal mantén a mesma idea, que non era a autoridade legal para facer isto. Por iso entende que o único que detén o mandato do alcalde foi o seu falecemento. Por iso esas datas, por xustiza, deben ser cambiadas en base á documentación que consta no arquivo, así hai un acta de defunción que fixa como data da súa morte, por arma de fogo, o 16 de agosto. Por iso, a documentación oficial que consta no Concello acredita que o nome oficial do alcalde é Ramón José Souto González, que a data do inicio do seu mandato segundo o único documento oficial que hai hoxe foi o 13 de xuño e o final do seu mandato ten que ser o día que falece, entendendo que ningunha autoridade lexítima deste país destituíu ao alcalde por ningún motivo legal antes do seu falecemento por asasinato por arma de fogo. Por último, a moción tamén installe ao goberno que aprobe as bases e a convocatoria do Premio Alcalde Ramón José Souto González. A moción inclúe unha proposta de bases. Parécelle importante manter, polo simbólico, unhas datas que inclúe a súa proposta, en canto que o fallo do premio coincida coa toma de posesión do alcalde, que a entrega do premio coincida co día do seu falecemento. O espírito xeral é que destaque a persoas que teñan destacado no seu ámbito profesional pola defensa das liberdades e da democracia. Espera que as bases sexan o máis consensuado posible de todas as forzas políticas porque quere que se lembre a figura do alcalde, tanto por el como polo resto da Corporación que, ou ben foron asasinadas ou ben padeceron cárcere, tortura ou sufrimento por defender a democracia, a liberdade e a legalidade vixente naquel momento. Entende que o premio teña unha dotación económica que sexa digna e razoable. Remata dicindo que espera as bases que hoxe se fagan, co seu espírito e o groso do seu contido sobreviva ano a ano e se manteña lexislatura tras lexislatura.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a moción ten varios puntos distintos. O seu grupo non vai introducir ningunha emenda e está a favor das correccións que se falan, máxime cando están xustificadas. En relación ás bases do premio di que sería un traballo conxunto de todos os grupos polo que se hai que facer algunha corrección a farán todos os grupos de común acordo. Anuncia que o seu grupo votará a favor.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo votará a favor porque o seu grupo foi o iniciador da proposta do recoñecemento do alcalde, lamentando que logo de moitos anos de democracia no Concello nunca se lle recoñecese, fóra do que é o partido Socialista. Por iso apoiará a moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor da moción. Respecto da cantidade do premio pensa que xa se falou dunha cantidade e roga que se consensúa o máximo posible.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que unha vez aclarados e certificados as datas sinaladas, o seu partido, como fixo no seu momento, votará a favor de todos os puntos. Como concelleira de Cultura, xa lle manifestou aos voceiros na reunión do luns o seu compromiso firme de sacar as bases, entende o propoñente é o partido Socialista que propón dúas datas concretas que pensa que se poden chegar a cumprir. Aínda que a competencia de aprobación das bases é do alcalde, nun caso como este no que se trata de

recoñecer a concordia e a loita pola liberdade e a democracia que mellor que chegar a un consenso. Por iso propón que a vindeira semana gustaríalle manter a reunión e poder aprobar as bases canto antes.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que agradécelle a todos os grupos municipais o apoio á moción e a súa cordialidade nas súas intervencións.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Instar ao goberno de Fene á convocatoria do Premio Periodístico "Alcalde Ramón José Souto González" durante o mes de abril de 2019.

2.- Propoñer ao goberno de Fene as bases que se relacionan para a convocatoria do devandito certame:

"I PREMIO ALCALDE RAMÓN JOSÉ SOUTO GONZÁLEZ

O CONCELLO DE FENE, COMO MOSTRA DO SEU COMPROMISO COA DEFENSA DAS LIBERDADES PERSOAIS E CO REPECTO AOS VALORES DA NOSA DEMOCRACIA ESTABLECE O PREMIO ALCALDE RAMÓN JOSÉ SOUTO GONZÁLEZ.

O premio homenaxea a Ramón José Souto González, quen foi asasinado en 1936 por ser alcalde do Concello de Fene.

Base 1ª O premio ten por obxecto premiar a un/unha personalidade do mundo da comunicación, do xornalismo, da cultura ou da universidade que destacase e se distingue pola defensa das liberdades, a democracia, os dereitos humanos, a tolerancia e a convivencia, nesta primeira edición, ata a data da publicación destas bases.

Base 2ª O premio consistirá nunha obra orixinal e exclusiva (pintura, escultura, etc.) dun artista galego, cun valor aproximado de 1.500,00 € e nunha distinción pública por parte do Concello de Fene que divulgará o premio e á persoa premiada.

Base 3ª O premio entregarase o día 16 de agosto do ano 2019, coincidindo coa conmemoración do fusilamento do Alcalde Ramón José Souto González.

Base 4ª Xurado: Os membros do xurado serán designados a título persoal e cando acepten expresamente a súa designación deberán exercer as súas funcións a título persoal.

O xurado será nomeado polo Alcalde de entre as propostas da/o Concelleira/o na que esté delegada a Concellería de Cultura e/ou calquera dos grupos políticos da corporación e terá a seguinte composición:

Presidente/a: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

1º Vogal: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

2º Vogal: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

3º Vogal: un/unha escritor/a, periodista, articulista e/ou fotodocumentalista de recoñecida traxectoria profesional.

Actuará como Secretario/a do Xurado, con voz pero sen voto, un ou unha funcionaria do Concello de Fene nomeado/a polo Alcalde, a proposta da/o Concelleira/o en quen estén

delegadas as competencias de Cultura. En caso de que se producira un empate nas votacións do xurado decidirá o voto de calidade da/o Presidenta/o do mesmo.

Base 5ª O Xurado valorará nas candidaturas propostas os seguintes aspectos:

1.- A traxectoria da personalidade en defensa das liberdades, a democracia, os dereitos humanos, a tolerancia e a convivencia, nesta primeira edición, ata a data da publicación destas bases.

2.- As publicación/s, traballos e actividades sobre á temática recollida na Base 1º.

3.- No seu caso, a calidade das publicación/s, traballos e actividades sobre á temática recollida na Base 1º.

4.- A relevancia social e difusión do medio de comunicación no que se recolleron as publicación, traballos e actividades sobre á temática recollida na Base 1º.

Base 6ª O Xurado reunirase durante dúas sesións no tempo e forma que determinen os mesmos membros do Xurado. Na primeira reunión constituirase formalmente o Xurado e cada un dos membros poderá propor un candidato. Na segunda reunión cada propoñente dunha candidatura defenderá a mesma diante do resto dos membros do Xurado e á finalización das respectivas defensas das candidaturas o Xurado emitirá o seu veredicto.

Base 7ª O veredicto do Xurado deberá de realizarse o día 13 de xuño de 2019, coincidindo co aniversario da elección como alcalde de Ramón Souto González, e a súa decisión serán inapelable.

Base 8ª O premio outorgarase á candidatura que obteña a maioría de votos dos membros do Xurado reunidos na segunda sesión. Os membros do Xurado deberán manter en segredo as súas deliberacións. O Premio será outorgado a unha soa candidatura, polo que en ningunha circunstancia poderá ser compartido por dúas ou máis candidaturas. No caso de ser declarado deserto, no poderá tampouco acumularse o premio nunha convocatoria posterior.

Base 9ª O acto formal da entrega do premio realizarase no acto de homenaxe ao Alcalde Ramón José Souto González, o 16 de agosto de 2019, no lugar e hora que determine o Concello de Fene para a celebración do devandito acto."

3.- A raíz dos datos obtidos pola arquiteira municipal de Fene procedentes do rexistro da Pobra do Caramiñal, propoñemos ao Pleno do Concello de Fene:

3.1.- A corrección da denominación da "Praza do Alcalde Ramón Souto González" por "Praza do Alcalde Ramón José Souto González".

3.2.- Cambiar a placa existente na devandita praza por outra coa denominación correcta "Praza Alcalde José Souto González".

3.3.- Corrixir os seguintes datos da fotografía de Ramón José Souto González sita no Salón de Plenos do Concello de Fene:

3.2.1.- Nome: cambiar o nome actual polo correcto "*Ramón José Souto González*".

3.2.2.- Data de inicio do seu mandato: Cambiar a que consta actualmente (21 de xuño de 1936) pola correcta a raíz dos documentos obrantes no arquivo municipal do Concello de Fene "*13 de xuño de 1936*".

3.2.3.- Data de remate do seu mandato:

a) Entendendo que a legalidade vixente en 1936 emanaba unicamente do Goberno Republicano, e que non consta ningún acordo de revogación do nomeamento como Alcalde de Ramón José Souto González.

b) Entendendo que o nomeamento realizado polos golpistas, a principios do mes de agosto de 1936, non pode ter, nese momento, validez legal.

E tendo en conta que a data que consta actualmente como finalización do seu mandato, 18 de xullo de 1936, é a data do inicio do golpe de estado, propónse que conste como data de finalización do seu mandato o 16 de agosto de 1936, a data do seu asasinato, pois até ese momento non houbo ningún acordo de ningún órgano lexítimo que revogara a súa condición de Alcalde de Fene.

5. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

6. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Hai dúas convocatorias de eleccións e os seus correspondentes actos electorais polo que roga que o goberno local sexa coidadoso nos actos previstos ou nos que vaian xurdindo para que estes non se convertan en mitíns.

- Respecto da homenaxe prevista para concelleiros e alcaldes, aínda sen saber cal vai ser o seu formato, cree oportuno que non se fixera nestas datas, máis tendo en conta que van concorrer ás verdadeiras eleccións. Roga que se teña en conta este rogo.

- Na Comisión do luns pasado se lles informou que non había xustificación económica da subvención Fene Vivo, roga que se lle faciliten as facturas imputadas a ese proxecto.

Contéstalle o concelleiro de Turismo, Juan José Franco Casal, que como xa dixo na Comisión non hai memoria económica pero se queren consultar calquera outra documentación non ten ningún problema en achegala.

- Roga que se estude a posibilidade de pedir orzamentos para cambiar a marquesiña dos autobuses en Perlío na parada do economato cara ampliala, pois os cativos que esperan polo bus escolar cando chove faise pequena.

- Que pasa cos semáforos en Marqués de Figueroa, que cando menos dende o xoves pasado non funcionan ou están apagados.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que os ratos ou ratas romperon as placas controladoras do semáforo. Avisouse á empresa que leva o mantemento quen fixo un orzamento e estase a facer a folia de autorización do gasto para o seu arranxo.

- Expresa o malestar que lle expresaron varias persoas sobre o que pasa na parroquia de San Valentín respecto da publicidade que fai o Concello do Vén a Fene porque estase a ver que no documento non consta como colaborador do Concello o CPS San Valentín, cando estase facendo actividades nas súas instalacións.

Contéstalle o concelleiro de Turismo, Juan José Franco Casal, que respecto da publicidade cítanse xusto as sociedades que participan neste acto concreto e non en todo o Programa Vén a Fene.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que por iso o di, que na actividade das palilleiras, as do CPS tamén participan.

O concelleiro de Turismo, Juan José Franco Casal, di que se trata dun acto organizado polo Concello. A publicidade incluíu aquelas sociedades que participaron dun xeito activo, non obstante, se houberse algún erro se corrixirá.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntalle á concelleira de Benestar Social e Igualdade respecto da moción que foi aprobada no Pleno do 03.01.2019 respecto do aumento da cota do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ten constancia se se cumpriu o punto 5 da moción en relación á notificación aos socios do Fondo?. Xa se fixo o pagamento da cota de 1500 euros co incremento de 500 euros?.

Contéstalle a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, que di logo de preguntar lle dixeron que se notificaría en dous ou tres días. Non obstante, volverá preguntar se efectivamente saíu e preguntará tamén se se fixo o primeiro pagamento.

Contéstalle o alcalde que a comunicación ao Fondo Galego está feita.

- Perdeuse a actividade de Sensibilización e Visibilización do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade por demandar esta actividade fóra de prazo polo que rógalle que se faga o posible para facer ao longo do ano algunha actuación de sensibilización con algunha das exposicións que sempre están dispoñibles.

- Pregúntalle á concelleira de Educación respecto do fin do prazo para a reserva de prazas nos centros de educación infantil, primaria e secundaria. Aínda que as matriculacións faranse o 25 de xuño, ten algún documento para saber se houbo un incremento ou descenso na preinscrición?. Ten intención de convocar o Consello Escolar antes de que remate este curso escolar?. Dio máis que nada por planificar a dotación de recursos persoais dos centros educativos no caso de que haxa a necesidade de incrementar ou facer algunha intervención diante o xefe territorial da Consellería de Educación cara o vindeiro curso escolar ou acometer calquera tipo de obras segundo o convenio que hai coa propia xefatura territorial provincial.

Contéstalle a concelleira de Educación, Ana María Novo Picos, que o prazo xa está rematado e está a esperar a recibir os números de todos os colexios que pediu onte. O luns terá a xuntanza previa ao Consello Escolar cos directores e as que non reciba antes supón que o propio luns lla entregarán. O Consello Escolar se vai realizar o 25.04.2019 e supón que cando acabe o curso, ou por aquelas datas, haberá outro.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coa sinalización horizontal e vertical da avenida Naturais estes días instalouse sinalización vertical de prohibición de aparcarse por máis dunha hora e media nalgúns zonas. Pode entender que isto pode ser unha medida razoable que pode chegar a funcionar durante unhas horas ao día, pero estráñalle que isto funcione tamén durante a noite, por iso parécelle que esta limitación debía ter uns horizontes horarios. Deuse conta o goberno desta circunstancia?, está previsto complementar a medida durante uns horarios determinados?.

- En relación coa moción que se trouxo ao Pleno respecto da desafectación das escolas unitarias que xa non teñen uso educativo e da elaboración dun plan de mantemento destes edificios falouse dun horizonte do mes de marzo. Como o prazo rematou quería saber que aconteceu con esta situación?.

Contéstalle o alcalde que pode contestarlle a groso modo e se quere daráselle unha relación de como está puntualmente cada unha delas.

- En canto as obras, cal é o estado actual das obras de Beirarrúas do Carril?. No caso da escola unitaria de Sillobre quere saber que intervencións se realizaron esta anualidade e cales están previstas e por que non se executan?. En que estado se atopa a obra do parque 10 de marzo?. Hai algunha intervención prevista para o parque da avenida do Mar?. En que estado se atopa o camiño Cádavo - As Chancas?. En que estado se atopa a obra das rúas Peirao e Hortelá?. En que estado se

atopa a obra de Reforzo do firme da Xunqueira?. En que estado se atopa a obra de Pavimentación e dotación de servizos de abastecemento e saneamento nas rúas Coto Pequeno e Penala? En que estado se atopa a obra de Reforma da pista polideportiva de San Valentín?. En que estado se atopa a obra de Alumeado do camiño do Pachuzo, de Lameira – Brea, do camiño do Cemiterio de Sillobre, do camiño do Penedo en Barallobre?. En que estado se atopa a obra da reforma do parque da Hortiña en Limodre?. En que estado se atopa a obra de adaptación á normativa do parque da praza Verde en Perlío?. En que estado se atopa a obra da reforma da pista da Fonte do Campo?. En que estado se atopa a obra da Cuberta e arranxo das gradas da pista de Centieras?. En que estado se atopa a obra do parque do Concello?. Vaise facer algunha intervención no firme do parque do Río Cádavo?.

Contéstalle o alcalde que pode contestarlle a groso modo e se quere daráselle unha relación de como está puntualmente cada unha delas. Por encima dille, respecto da Unitaria de Sillobre, que houbo que facer unha pequena reforma respecto do proxecto inicial que xa está feita e vaise aprobar. Respecto das Beirarrúas do Carril, que hai atrancos con dúas cesións. Respecto do parque 10 de marzo e sobre o da avenida do Mar agora mesmo non lle pode concretar. A obra de Cádavo – As Chancas está rematada. A obra de Peirao Hortelá están adxudicadas á empresa Canarga e estase estudando uns afondamentos que semellan son da rede de saneamento. A obra da Xunqueira está adxudicada á empresa Canarga. A obra de Coto Pequeno e Penela tamén está adxudicada á empresa López Cao e inda hoxe pola mañá foi revisar a zona, xa que lle chegaron queixas de dous o tres veciños que quedaban sen servizo de abastecemento e saneamento e estase a estudar por se houbese que completar a obra. A obra da pista polideportiva de San Valentín está adxudicada e pendente de iniciar as obras. Os alumeados, nun principio, non ten constancia deles. A reforma da Hortiña está pendente de adxudicar. A adaptación do parque da praza Verde estase estudando, onte ou hoxe á mañá déronlle información ao concelleiro de Servizos. A obra de Fonte do Campo está pendente de adxudicación. A obra da cuberta e as gradas de Centieras a cuberta está adxudicada á empresa Desarrolla e as gradas a Sánchez Souto. Respecto do parque do Concello aínda chegou onte a autorización de Augas de Galicia. No parque do Río Cádavo revisouse a obra coa empresa.

Contéstalle o concelleiro de Servizos que a obra do Pachuzo non ten alumeado, só ten o reforzo do firme. En relación co parque do Río Cádavo e a praza Verde di que hoxe chegaron os orzamentos para a reparación e certificación e aínda falta que cheguen dous orzamentos máis.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal Socialista que onde preguntou por alumeados trátase de aglomerados, e todos eles están pendentes de adxudicar.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que sacou os datos da acta da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 27.11.2018.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto das zonas azuis di que están mal, en todos os sitios teñen un horario e aquí non o teñen. Súmase á pregunta que fixo o voceiro do grupo municipal Socialista.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Rocío Aurora Bértoa Puente, que a zona azul de momento aínda non está funcionando. Como xa deu conta na Comisión Informativa de Organización e Seguridade, existe unha ordenanza de tráfico aprobada hai tempo que establece no seu artigo 2 ou 3 que o alcalde será o competente para regulamentar a zona azul. Neste sentido hai unha vía principal que é a avenida Naturais no que se solicitou un permiso a Fomento, que ten unha validez de tempo, no que se autorizou o pintado de zona azul. Como todos os concelleiros saben, pois todos os concelleiros nesta lexislatura pasaron polo goberno, todos coñecen da problemática que hai nesta avenida coas persoas que deixan os seus coches todo o día mentres se trasladan aos seus traballos ou a universidade. Hai que ter en conta que hai un supermercado, que hai unha axencia de seguros que hai despachos, oficinas, librarías, unha entidade bancaria da que moitos veciños son usuarios e na que todos participaron para que non se pechara como a outra oficina da parroquia de San Valentín e tendo en conta que moita da poboación de Fene ten unha idade considerable, polo que precisa ter un aparcamento preto. Pintouse porque acabábase o prazo da autorización e neste sentido, ninguén pode dicir que se sancionase por pasarse das horas ou dos días, polo que ata o de agora non está a funcionar. A limitación terá que figurar na ordenanza. As limitacións da zona azul non está limitado igual en todos os sitios, pois hai sitios nos que a zona azul deixa de funcionar a

13.30 h, ou noutras zonas nas que non funciona entre as 13.30 e as 16.30 h. Di que os horarios hainos que mirar pero de momento non están regulados.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que coñece a problemática da avenida Naturais, como todos os concelleiros. Di que comprende que algunha medida había que tomar pero dado o problema que hai que está detectado de luns a venres fundamentalmente de día, pensa que é necesaria esta limitación polas noites ou os sábados ou domingos?.

A concelleira de Seguridade, Rocío Aurora Bértoa Puente, di que claro que é normal limitala e a idea do goberno é que nin sequera funcione pola tarde. Por outro lado é increíble que no Concello no existisen zonas de carga e descarga, se xa hai pouco negocio imaxine se non se lle dá posibilidades ás empresas para que poidan chegar os seus produtos ou incluso que se atopen coas queixas dos veciños por aparcar os furgóns enriba das beirarrúas. A día de hoxe pódese ver que as zonas de carga e descarga limitáronse só ás mañás, pero o que non houbo nunca está empezando a funcionar agora. O que quere dicir é que a zona azul pintouse hai un mes, o sinal colocouse antes de tempo, agora non se van quitar e se entenden que a zona azul non ten ningunha funcionalidade, os sábados a partir das 13.30 h e os domingos non estará habilitada e está estudando a posibilidade de que funcione tamén pola tarde ou non. Non obstante, están a ver que os coches que estacionan polas tardes quedan bastante tempo, entendendo que xa non funciona a zona azul. O goberno tiña un problema co estacionamento que agora mesmo está paliado e non xera un problema a maiores, xa que non hai ninguén que se poida queixar polo funcionamento da zona azul. O único problema que pode existir agora mesmo é o problema persoal de alguén que puido adoptar esta decisión e non a soubo tomar. É evidente que hai que regular isto e tamén opina que nos problemas de tráfico hai que deixar un pouco de rodaxe. Nestes días emendarase o problema dos sinais, que xa dixo que se colocaron antes de tempo, incluso cunhas novas sinais por imán, para marcar o tempo máximo no que está en vigor a zona azul.

Pregúntalle ao concelleiro de Obras pola xuntanza da Asociación de Comerciantes, aínda que no anterior Pleno lle contestou o seu compañeiro, quere a súa versión, porque ten varias versións e quere saber cal foi o motivo de que esa xuntanza acabase mal.

O concelleiro de Obras pídelle á voceira do grupo Mixto municipal que lle aclare cal é a pregunta.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que se realizou unha reunión coa Asociación de Comerciantes e soubo que a xuntanza acabou pouco máis que a berros e que vostede lles apagou a luz do local e marchou dando un portazo e que lles dixo que total para o que valía a Asociación estaba ben que se desen todos de baixa porque non valía para nada. Con independencia de que algún hostaleiro perdese as formas, entende que o concelleiro debe manter as formas e quere saber, á marxe da versión dos propios hostaleiros, cal é a súa versión?.

O Concelleiro de obras contéstalle que si é certo que fixo esa manifestación pero foi nun tono irónico, o que dixo foi precisamente todo o contrario. El foi socio e fundador da Asociación de Comerciantes, promovida no seu momento polo concelleiro de Promoción Económica Manuel Polo Gundín e foi directivo da Asociación. Como concelleiro de Promoción Económica ten a gala de ter recuperado a actividade desa Asociación con moitos éxitos, por iso se dixo iso foi precisamente querendo dicir todo o contrario. Se alguén fixo unha interpretación literal pensa que non entendeu nada. En canto aos berros e demais di que non ten nada que dicir porque non sucedeu nada disto.

- Como non asistiu ás Comisións por cuestións de saúde, acaba de coñecer agora que se perdeu a subvención do Fondo Galego de Cooperación e quere saber cal foi o motivo?.

Contéstalle a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, que como sabe, o departamento de Servizos Sociais está desbordado porque falta a psicóloga e a técnica pensou que o prazo remataba o 25 cando rematou o 22.

- A marquesiña que hai en Vilanova leva meses que sen un cristal e con outro estallado. Roga que se lle faga o mantemento axeitado.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Turismo, Juan José Franco Casal, que quere aclarar que comprobou hai un erro polo que pide desculpas. Como aínda falta moito para ese acto na nova publicidade se emendará.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.06 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

0-G
360
150
P-
E:
C.T